

2013

*Memoria Resumo EAPN-Galicia*



## ÍNDICE

### **1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de incidencia en políticas sociais.**

- CAMPAÑA DO IRPF 2013 : X SOLIDARIO
- IV ENCONTRO GALEGO DE PARTICIPACIÓN E CIDADANÍA INCLUSIVA
- III CONCURSO FOTOGRAFÍA INCLUSIVA
- III FORO SOBRE POBREZA EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR E VOLUNTARIADO
- DOCUMENTO DE APORTACIÓNS Á PROGRAMACIÓN DE FONDOS ESTRUTURAIIS 2014-2020
- OUTRAS ACTUACIÓNS

### **2. Liderar o proceso de articulación do terceiro sector de acción social en Galicia.**

- INFORME QUEN SOMOS 2013
- INCORPORACIÓN DE NOVAS ENTIDADES
- OUTRAS ACTUACIÓNS

### **3. Consolidar a estrutura organizativa da Rede**

- GRUPOS DE TRABAJO
- DOCUMENTO CLÁUSULAS SOCIAIS NA CONTRATACIÓN PÚBLICA
- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DENDE O EIDO LOCAL

A **Rede Galega Contra a Pobreza, EAPN-Galicia** nace no ano 2008 xuntando os esforzos das entidades do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia, especialmente as implicadas na loita contra a exclusión social e na defensa dos dereitos e a participación social plena de todas as persoas.

EAPN-Galicia é membro da Rede de Loita contra a Pobreza e a exclusión social no Estado Español (EAPN-Es) e forma parte da European Anti Poverty Network (EAPN), Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social, fundada no ano 1989.



**EAPN Galicia** defende os dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión, mediante a incidencia política e social.

E para elo, as relacións entre as persoas e as entidades que forman parte da Rede condúcense conforme aos seguintes **valores**: *independencia, participación activa, compromiso, colaboración, transparencia, innovación e representatividade*

As **prioridades estratéxicas** da Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN Galicia) para o período 2013-2015 son as seguintes:

2. Ser interlocutor de referencia con capacidade de **incidencia en políticas sociais**
3. Liderar o proceso de **articulación do terceiro sector de acción social** en Galicia
4. Consolidar a estrutura organizativa da Rede

**Forman parte da EAPN-Galicia** <sup>1</sup>

**ACCEM Galicia** \*Asemblea de Cooperación pola Paz \***Asociación Boa Vida Inclusión Activa**  
 \*Asociación Plataforma polo Emprego \***Cáritas Diocesana de Galicia** \*Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) \***Ecos do Sur** \*Emaús Fundación Social \***Federación Autismo Galicia** \*Federación Asociacións Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)  
 \***Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL)**  
 \***Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)** \***Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down** \*Fundación Érguete Integración \***Fundación Juan Soñador** \***Fundación Meniños** \***Fundación Secretariado Xitano** \***Fundación Ronsel** \***Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3)** \***Médicos do Mundo**

<sup>1</sup>No mes de xaneiro fíxose efectiva a **incorporación** de catro **novas entidades**: Asemblea de Cooperación pola Paz, Ecos do Sur, Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL) e Médicos do Mundo.

## 1. Ser interlocutor de referencia con capacidade de incidencia en políticas sociais.

### CAMPAÑA DO IRPF 2013 : X SOLIDARIO

O Terceiro Sector de Acción Social de Galicia, como impulsor desta Campaña, considera vital que, nun contexto de crise que afecta aos colectivos máis vulnerables e desprotexidos, se siga incrementando a recadación da cota íntegra dos contribuíntes para o recadro chamado 'Fins Sociais'.

O **obxectivo** da campaña é concienciar ás persoas contribuíntes sobre a necesidade de marcar o cadro de Fins Sociais na declaración da renda e aportar o 0,7% da cota íntegra a programas para os máis desfavorecidos: persoas maiores, persoas con discapacidade, infancia, mulleres, etc.



Esta campaña é unha iniciativa de ámbito estatal impulsada pola Plataforma de ONG de Acción Social. En Galicia é liderada por **EAPN-Galicia**, **CERMI-Galicia** e a **Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento**.

En 2013 o acto de presentación celebrouse o 16 de abril na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela. Contouse coa presenza de Carlos Rosón, secretario de EAPN-Galicia; Anxo Queiruga, presidente do CERMI; e María Paz, vicepresidenta da CGONGD. Ademais dos representantes da entidades organizadoras, unha das persoas usuarias dos programas financiados polo IRPF contou a súa experiencia persoal.


### IV ENCONTRO GALEGO DE PARTICIPACIÓN E CIDADANÍA INCLUSIVA

Cadrando co Ano Europeo da Cidadanía, o IV Encontro Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva apostou por ser un espazo **de aprendizaxe** e **reflexións** que potenciara o **empoderamento** das persoas, a súa verdadeira participación social apoiando as súas capacidades para comprender e reconducir as dificultades e problemas que afectan ás súas vidas.

Trátase dun Encontro para as persoas, coas que traballamos dende as diferentes entidades sociais, persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social.



Nesta edición de 2013, fíxose fincapé en catro dereitos fundamentais (un nivel de vida axeitado, á saúde, á educación e á xustiza) e os seus correspondentes deberes para coñecelos mellor, defender o seu cumprimento e comprometérmonos cos deberes que implican. Tamén se realizou un **'Telediario Precario'** cos asistentes ao encontro.



Dentro dos encontros que se realizan en diferentes comunidades, EAPN-Galicia estivo presente de xeito activo no Encontro celebrado en Valladolid e mesmo tivo representación no Encontro Europeo que se celebra en Bruxelas.

### III CONCURSO FOTOGRAFÍA INCLUSIVA

Baixo o lema “**Cidadanía Inclusiva: Pobreza e Exclusión Social en Galicia**” comezou en maio de 2013 a terceira edición deste certame dirixido a persoas que participan en programas sociais e outros fotógrafos afeccionados.

O concurso aposta pola **imaxe fotográfica como motor de inclusión social** que nos axuda a facer visibles situacións de exclusión social ante o conxunto da sociedade e pon a disposición das persoas en situación ou risco de exclusión social, un medio de expresión propio. Todo isto co obxectivo de que os poderes públicos dirixan a súa atención cara os colectivos máis vulnerables, situando ás persoas no primeiro plano da axenda política.


As fotografías presentadas ao concurso deberán estar relacionadas coa temática “**A Pobreza e Exclusión Social en Galicia**” e poderán reflectir aqueles aspectos que manifesten, de calquera xeito, a pobreza e a exclusión social na nosa comunidade autónoma.

Posteriormente á organización deste certame, con 28 das imaxes máis votadas que se presentaron ao concurso realizouse unha exposición fotográfica itinerante polas diferentes vilas e cidades de Galicia. Comezou no Parlamento de Galicia o 17 de outubro (Día Internacional para a Erradicación da Pobreza) e en decembro foi inaugurada na Biblioteca Municipal de Pontevedra.

### III FORO SOBRE POBREZA EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR E VOLUNTARIADO

O **obxectivo** deste Foro é contribuír a situar a realidade da pobreza e a exclusión social en Galicia no primeiro plano da axenda política e mediática. Pero a maiores disto, tamén pretende poñer en valor o labor que realiza o Terceiro Sector de Acción Social e do voluntariado na implantación de políticas de inclusión social.

Ante o avance da desigualdade e a exclusión, tamén se quixo tratar o concepto de pobreza eliminando fronteiras, aínda que o groso sexa para



analizar a realidade galega ou española. Pero dende unha idea aberta á colaboración e á posta en común, con outras entidades representativas do Terceiro Sector galego e a organizacións e institucións significativas. A organización xunto coa **Coordinadora Galega de ONGD** ou o **CERMI Galicia** e a participación de expertos de entidades sociais, colexios e asociacións profesionais, Universidade, ou de representantes da Xunta de Galicia no eido dos servizos sociais e a inclusión activa, así o demostran.

O Foro contou co apoio do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e da Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Xunta.

## DOCUMENTO DE APORTACIÓNS Á PROGRAMACIÓN DE FONDOS ESTRUTURALS 2014-2020

Dende EAPN-Galicia somos conscientes da importancia que terán as políticas de Cohesión no cumprimento da estratexia Europea 2020, sendo os Fondos Estruturais o instrumento clave para conseguir a redución da pobreza. En coherencia coa nosa misión e coas liñas estratéxicas; dende EAPN-Galicia e as entidades que o conforman consideramos que deberiamos estar presentes na Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios. Son os novos regulamentos europeos os que lexitiman esta petición.



O traballo diario que desenvolvemos permítenos ter un fondo coñecemento da realidade social en Galicia e consideramos que iso podería resultar de utilidade á hora de decidir nas comisións cales deben ser os programas cofinanciados mediante fondos europeos. Neste senso, esta petición vai ademais na liña do noso labor de incidencia política que temos encomendado como unha das nosas liñas prioritarias de actuación.

Este documento realizouse coas diferentes aportacións das entidades co obxectivo de que os FF.EE. sexan destinados realmente á loita contra a pobreza e a exclusión social, tal e como se recolle na normativa de Bruxelas.

Logo dun proceso de interlocución coas consellerías de Traballo e Facenda pretendemos continuar este proceso de traballo mediante a presentación do documento á Xunta e no que se inclúen os principais obxectivos temáticos e con propostas de actuación que consideramos esenciais para o programa Operativo de Galicia.

## OUTRAS ACTUACIÓNS

Co obxectivo de establecer **novas alianzas** entre entidades e organismos cos que se comparten intereses e puntos en común, realizáronse unha serie de entrevistas, actuacións e contactos para achegarse a novas fronteiras. Neste senso, pódense destacar: o Colexio de Traballo Social,

Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, Fundación NovacaixaGalicia, FEGAMP, AGASOL ou o CERMI-Galicia.

Para acadar unha maior visibilidade nos medios de comunicación e na sociedade, comézanse a realizarse **posicionamentos** sobre **temas de actualidade** como a petición que se fixo ao presidente de Banesco para que se comprometera a manter a obra social de Novagalicia Banco trala súa compra no mes de decembro.

Seguindo esta liña estratéxica de ser un interlocutor de referencia e dar a coñecer a entidade e as súas actuacións EAPN-Galicia estivo presente en diferentes **foros** como o Laboratorio Social da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, a Xornada sobre retos e oportunidades do Terceiro Sector no IFFE de Oleiros ou o Foro de Solidariedade organizado pola Xunta de Galicia.

Tamén se fixo un labor esencial á hora de **trasladar ás administracións públicas e aos partidos políticos** as nosas **propostas** en diferentes temas que afectan a EAPN-Galicia, as súas entidades membro e sobre todo ás persoas en risco de exclusión e pobreza. Temas como:

- Aportacións á Lei de Inclusión durante o seu trámite parlamentario.
  - Interlocución permanente e estable coa Consellería de Traballo e Benestar.
  - Participación no Consello Galego de Benestar.
  - Reclamacións das débedas de concellos e deputacións con entidades membro.
- Aplicación do Real Decreto Lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas.
- Incidencia na Dirección Xeral de Voluntariado pola eliminación de convocatorias.

No que se refire á **Comunicación Interna e Externa**, cómpre destacar a incorporación dunha responsable de comunicación grazas á obtención dunha 'Subvención para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación de entidades sen animo de lucro'.

Neste apartado, mencionar a mellora cualitativa e cuantitativa en **redes sociais**, unha ferramenta de comunicación esencial hoxe en día. Rexistrouse un aumento no número de seguidores en Facebook de 173 (novembro de 2012) a 445 (decembro de 2013). No caso de Twitter pasouse de ter 610 a ter 495.



## 2. Liderar o proceso de articulación do terceiro sector de acción social en Galicia.

### INFORME QUEN SOMOS 2013

Trátase dun documento no que se describe, grazas á información facilitada por todas as entidades membro de EAPN-Galicia, as características e recursos cos que contan as entidades do **terceiro sector de acción social en Galicia**. Pero tamén se tenta poñer en valor o labor que veñen realizando estas entidades.



Do Informe poden extraerse varias **conclusións** entre as que podemos destacar que EAPN-Galicia está integrada por **125 entidades** de primeiro nivel nas que se conta con **1.188 persoas traballadoras**. Son **453.534** as **persoas beneficiarias ou usuarias** dos servizos que ofrecen estas entidades que viron incrementado o seu volume de traballo nos últimos anos por mor da crise económica.

Con todo, tamén se quere poñer o acento na situación das ONG de acción social ca que non existe un recoñecemento real da función que realizan na loita contra a pobreza e a exclusión.

### INCORPORACIÓN DE NOVAS ENTIDADES



En xaneiro de 2014 fíxose efectiva a incorporación de catro novas entidades en EAPN-Galicia polo que, no conxunto, estaríamos falando de 125 entidades de primeiro nivel e de 20 entidades de xeito directo.

[ACPP](#): Asemblea de Cooperación pola Paz

[Ecos do Sur](#)

[FAGAL](#): Federación Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias.

[Médicos do Mundo](#).



## OUTRAS ACTUACIÓNS

Realizáronse diversas xestións e entrevistas para a posible constitución da **Plataforma do Terceiro Sector** en Galicia.

### 3. Consolidar a estrutura organizativa da Rede

#### GRUPOS DE TRABALLO

Redefinición da estrutura e articulación do liderado dos grupos de traballo sobre tres temas esenciais.

- **Grupo de Desenvolvemento Normativo:** centrado en implantación de cláusulas sociais na contratación pública, propostas á Lei de Inclusión.
- **Grupo de Participación:** para traballar en temas como o Foro, o Encontro de participación ou a exposición de fotografía itinerante.
- **Grupo de Comunicación:** xuntanzas previas para o desenvolvemento de actividades puntuais.
- **Grupo de Fondos Estruturais:** no que se realizou un documento de

## DOCUMENTO CLÁUSULAS SOCIAIS NA CONTRATACIÓN PÚBLICA

O documento base sobre a inclusión de cláusulas sociais na contratación pública xorde do convencemento de que é inadmisíbel pretender obter lucro na prestación de servizos na loita contra a pobreza e a exclusión social. Tamén para responder á necesidade de afrontar esta situación que afecta negativamente ás entidades do terceiro sector.



É necesario dotármonos dunha postura clara e precisa sobre a posibilidade de que a administración pública inclúa nos

seus pregos de cláusulas elementos de valoración que non resulten discriminatorios para as entidades.

As cláusulas sociais na contratación pública supoñen a introdución no contrato de aspectos de política social nos requerimentos previos, nos elementos de valoración ou nas esixencias de execución. Con isto pretendemos que se recoñeza o valor non lucrativo e a experiencia das organizacións sociais especializadas; facilitar a inserción sociolaboral de persoas e colectivos máis vulnerables da sociedade e demostrar que se trata dunha ferramenta rendible tanto económica como socialmente.

## ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DENDE O EIDO LOCAL



Neste apartado, cómpre destacar a realización da mostra de fotografía **“Cidadanía Inclusiva: Pobreza e Exclusión Social en Galicia”** que percorreu diferentes puntos da xeografía galega. Tamén a implicación das entidades á hora de realizar obradoiros de fotografía nas cidades de Ourense, Vigo, Pontevedra, Vigo e Lugo durante o primeiro semestre de 2013.

Unhas actividades que serviron para fortalecer o tecido asociativo das entidades e co que se pretende facer rede en cada unha das vilas e cidades de Galicia nas que todos e todas traballamos na loita contra a pobreza e a exclusión social.